

Trabalho sobre animais galegos

Obxectivos

1. Aprender a facer unha presentación de diapositivas en google drive.
2. Coñecer especies da fauna galegas comúns ou en perigo de extinción.
3. Concienciar sobre a importancia de protexer a biodiversidade.
4. Aprender a buscar información en diferentes páxinas web.
5. Coñecer, respectar e valorar a nosa contorna, como é o caso da fauna galega.
6. Realizar unha exposición oral.
7. Aprender a escoitar e valorar o traballo dos demais.

Para a realización da presentación en soporte informático, tedes varias opcións:

- Canva: <https://www.canva.com/>
- Genial.ly: <https://www.genial.ly/es>
- Prezi: <https://prezi.com/>
- Keynote: [Keynote - Apple](#)
- Google Drive: [Presentaciones Drive](#)
- Power Point/ LibreOffice Impress

Contidos

Tes que buscar información de dous animais: un **vertebrado** e un **invertebrado** da fauna galega.

Aprenderás moito sobre os teus animais mentres fas o traballo e despois tamén coñecerás os animais dos teus compañeiros cando fagan a súa presentación.

Espero que che resulte ademáis divertido e estou seguro que a túa calificación será positiva.

Información

De cada animal tes que buscar a seguinte información:

- Nome **vulgar** e **nome científico**
- **Descrición** - Características anatómicas do animal
- **Clasificación taxonómica**
- Estado de **conservación** - Ameazas para a supervivencia do animal
- Características do **hábitat**/bioma onde vive e **distribución** (con mapa)
- Etoloxía do animal (comportamento)
- **Nutrición**: Relacións tróficas ou alimentarias
- **Relación**: órganos do sentidos, sistema nervioso, aparato locomotor
- **Reprodución**: tipo de fecundación, desenvolvemento embrionario e postembrionario.
- Algunha curiosidade que chame a atención sobre o animal (adaptacións, forma de caza, camuflaxe, etc)

Criterios para a avaliación da presentación de diapositivas

- A presentación ten que ter unha **portada** co teu nome
- Tamén debe contar cun **índice** cos apartados do traballo.
- Debes poñer un mínimo de **5 diapositivas** de cada animal.
- Tamén se valorará positivamente que adxuntes mapas coa distribución dos animais en Galicia.
- Ao final do traballo tes que poñer a **webgrafía**, é dicir, as páxinas web que visitaches e das que sacaches información para o traballo (mellor se as pos como un link = ctrl+k)

Criteria para a avaliación da presentación de diapositivas

- A presentación debe mostrar un excelente **deseño** e combinación da **cor**.
- Deberías manter a mesma cor, tipo de letra, tamaño de texto e de imaxes en todas as diapositivas.
- O **tamaño** de texto e de imaxes debe ser o axeitado nin moi grande nin moi pequeno.
- A presentación debe mostrar un **equilibrio** e que non sexa só texto ou imaxes, se non que combine as dúas.
- Intenta correxila antes de presentala para que non teña **erros ortográficos nin gramaticais**.

Criteria para a avaliación da exposición oral

- Claridade, fluidez e bo uso das palabras.
- Demostra dominio do tema.
- Utiliza unha terminoloxía axeitada.
- Ton de voz axeitado.
- Seguridade e confianza en si mesmo.
- Mantén a atención dos compañeiros.
- Manexo do escenario – desprazamento.
- Optimización do tempo.

Nota do traballo

En total terás unha nota sobre **10 puntos** repartidos da seguinte forma:

- 6 puntos son da presentación de diapositivas.
- 4 puntos son da exposición oral.

Para obter a máxima nota vou a ter en conta o seguinte:

- Que estés atento aos outros traballos dos teus compañeiros.
- Que fagas preguntas coherentes nos traballos dos teus compañeiros.

Este traballo conta un 10% da nota da avaliación.